



GUÍA

**DE CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, FAMILIAR E
LABORAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR**

2021 › 2025

01. Persoas traballadoras

I. PERMISOS (art. 37 E.T.)

Previo aviso e xustificación

a) **Matrimonio: contraer matrimonio**

DURACIÓN

Quince días naturais desde o feito causante(formalización do matrimonio)

OBSERVACIÓNS

Retribuído

b) **Falecemento, accidente, enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización dun familiar**

DURACIÓN

- Ata o 2º Grao de consanguinidade ou afinidade 2 ou 4 días hábiles se é na mesma provincia ou precisa desprazamento a outra
- Intervención cirúrxica dun familiar sen hospitalización que precise repouso domiciliario
- Ata 2º grado consanguinidade ou afinidade: : 2 ou 4 días hábiles se é na mesma ou distinta localidade

OBSERVACIÓNS

Remunerado

c) **Traslado do domicilio habitual**

DURACIÓN

1 día

OBSERVACIÓN

Remunerado

d) Deber inescusable de carácter público e persoal

- Cumprimento dun deber inescusable de carácter público ou persoal: exercicio sufraxio activo...
Polo tempo indispensable

OBSERVACIÓNS

Retribuído

Descontarase do salario si percibe retribución ou indemnización polo cumprimento do deber ou desempeño dun cargo

Máis do 20% das horas laborables en tres meses, poderá a empresa pasar a persoa traballadora a situación de excedencia

e) Funcións sindicais ou de representación do persoal

DURACIÓN

Nos termos que determine a normativa de aplicación

OBSERVACIÓNS

Retribuídas o crédito horario que se determine

f) Exames prenatais, preparación ao parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento. asistencia ás perceptivas sesións de información e preparación e para a realización dos perceptivos informes psicolóxicos e sociais previos á declaración de idoneidade

DURACIÓN

Polo tempo indispensable para a súa práctica ou realización

OBSERVACIÓNS

Retribuído

Precisase xustificar a necesidade de facelo dentro da xornada de traballo

g) Lactación para filla/o menor de 9 meses as persoas proxenitoras, adoptantes, gardadores con fins de adopción ou acollemento

DURACIÓN

Posibilidade de gozar do dereito de varios xeitos:

- Dereito a 1 hora diaria. Pode dividirse a hora de ausencia en dúas fraccións

- Reducindo a xornada en media hora
- Acumulando as horas de ausencia en xornadas completas

Pode estenderse até os 12 meses con redución proporcional do salario a partir dos 9 meses

Incrementarase proporcionalmente nos casos de parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento múltiples

OBSERVACIÓNS

Retribuído

É un permiso individual para as persoas traballadoras, sen que poida transferirse

h) Nacemento de crianzas prematuras ou hospitalizadas logo do parto

DURACIÓN

Dereito a ausentarse do traballo unha hora: retribucións integras

Dereito a reducir a xornada un máximo de 2 horas: diminución proporcional da retribución

OBSERVACIÓNS

Retribuído

i) Coidado de una crianza menor de 12 anos ou persoa con diversidade funcional, física, psíquica ou sensorial que non desempeñe unha actividade retribuída e tamén coidado directo dun familiar até o 2º grao de consanguinidade ou afinidade que por razón de idade non poida valerse por si mesmo nin desempeñe actividade retribuída

DURACIÓN

No caso de coidado de crianzas, até que cumpra 12 anos, no resto dos casos, durante o tempo que se considere necesario por parte das persoas traballadoras

OBSERVACIÓNS

Retribuído, diminución proporcional do salario

Constitúe un dereito individual: mulleres e homes

j) Coidado de xeito directo de crianza afectada por cancro ou enfermidade grave que requira ingreso hospitalario de longa duración continuo e permanente dun ou dunha menor de 18 anos, por natureza, adopción u acollemento

DURACIÓN

Redución da duración da xornada de traballo, cando menos un 50%

OBSERVACIÓNS

Retribuído, diminución proporcional do salario. Constitúe un dereito individual: homes e mulleres
Poderase acumular en xornadas completas.

k) Víctimas de violencia de xénero ou vítimas de terrorismo

DURACIÓN

Faltas de asistencia totais ou parciais
Redución da xornada, ou reordenación do tempo de traballo
Adaptación do horario ou aplicación de flexibilidade horaria
Flexibilidade horaria ou excedencia por violencia de xénero

OBSERVACIÓNS

Retribuído
Poderá realizar o traballo total o parcialmente a distancia
As faltas totais ou parciais serán xustificadas cun informe dos servizos sociais ou sanitarios

**II. SUSPENSIÓN DO CONTRATO CON RESERVA DO POSTO DE TRABALLO
(Art 48 E.T.)**

a) Permiso de nacemento

DURACIÓN

Para cada persoa proxenitora: 16 semanas ininterrompidas, 6 obrigatorias e a xornada completa inmediatamente posteriores ao parto ou a data da resolución xudicial ou decisión administrativa no caso de adopción garda con fins de adopción ou acollemento ou a partir da alta hospitalaria si a crianza permanece hospitalizado logo do parto

Ampliación:

- 2 semanas para cada persoa proxenitora por cada fillo/a, a partir do segundo, en caso de nacemento, adopción ou acollemento múltiples
- 2 semanas para cada persoa proxenitora en caso de diversidade funcional da filla/o

b) Parto prematuro e hospitalización (por período superior a 7 días) a continuación do parto, até un máximo de 13 semanas

c) Falecemento da crianza o período de suspensión non se verá interrompido, salvo solicitude de incorporación despois das 6 semanas obrigatorias

As dez semanas restantes, en períodos semanais de xeito acumulada ou interrompida

d) Adopción internacional con necesidade de desprazamento poderá iniciarse ata catro semanas antes da resolución xudicial

e) Supostos de risco durante o embarazo, ou a lactación a suspensión do contrato finalizará o día no que se inicie a suspensión do contrato por parto ou o lactante cumpra 9 meses

OBSERVACIÓNS

Retribuído

Dereito de suspensión do contrato con reserva do posto de traballo e cómputo do período de antigüidade

Poderase gozar en réxime de xornada completa ou a tempo parcial previo acordo coa Empresa

III EXCEDENCIAS (Art. 46 E.T.)

Excedencia voluntaria por interese particular

Antigüidade na Empresa dun ano

DURACIÓN

Prazo non menor de catro meses nin maior a cinco anos

Poderá ser exercitado de novo transcorridos polo menos catro anos

OBSERVACIÓNS

Non retribuída

Excedencia voluntaria por coidado de cada filla/o

- Atender ao coidado de cada crianza por natureza ou adopción ou acollemento permanente desde a data do parto ou da resolución xudicial ou administrativa no seu caso

DURACIÓN

Non superior a tres anos

OBSERVACIÓNS

Non retribuído

Computable a efectos de antigüidade e dereito a asistencia a curso de formación

O período de duración poderá gozarse de forma fraccionada

Teñen dereito homes e mulleres traballadoras, mais se 2 ou máis traballadores/as da mesma empresa xerasen o dereito polo mesmo suxeito causante, o empresariado poderá limitar o seu exercicio simultáneo por razóns xustificadas de funcionamento da empresa

Excedencia voluntaria por coidado dun familiar

- Atender ao coidado dun familiar ao cargo até o 2 grao de consanguinidade ou afinidade que por razón de idade non poida valerse por si mesmo nin desempeñe actividade retribuída

DURACIÓN

Non superior a dous anos

OBSERVACIÓNS

Non retribuído

Computable a efectos de antigüidade e dereito á asistencia a cursos de formación

O período de duración poderá gozarse de forma fraccionada

Teñen dereito mulleres e homes traballadores, mais se 2 ou máis traballadores/as da mesma empresa xerasen o dereito polo mesmo suxeito causante, a empresaria/o poderá limitar o seu exercicio simultáneo por razón xustificadas de funcionamento da empresa

Reserva do posto de traballo dun ano, quince meses á persoa traballadora que teña recoñecida a condición de familia numerosa

Excedencia voluntaria por funcións sindicais de ámbito provincial o superior

DURACIÓN

Mentres dure o exercicio do cargo representativo

IV VACACIÓNS ANUAIS (Art. 38 E.T.)

DURACIÓN

Non inferior a 30 días naturais

OBSERVACIÓNS

Retribuídas

Non substituíbles por compensación

ESTATUTO DE LOS TRABALLADORES: Art. 37,38,46 y 48 Real Decreto Legislativo 2/2015, 23 outubro polo que aprobase texto refundido da Lei do Estatuto das persoas traballadoras
Lei 36/2011, 10 outubro, Reguladora da Seguridade Social: Art. 139
Convenio Colectivo de aplicación

02. Persoas funcionarias públicas

I PERMISOS

a) Falecemento, accidente grave, enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica dun/ dunha familiar

DURACIÓN

1º Grao de consanguinidade ou afinidade : 3 ou 5 días hábiles se é na mesma ou distinta localidade

2º Grao de consanguinidade ou afinidade: 2 ou 4 días hábiles se é na mesma ou distinta localidade

OBSERVACIÓNS

Retribuído

No caso de falecemento os días deberán ser consecutivos e inmediatamente posteriores, nos demais casos poden collerse de forma discontinua

Considerase hospitalización cando a estadía no hospital inclúa como mínimo unha noite e unha comida principal
A localidade de referencia é a residencia habitual
Se sobrevén o falecemento iníciase o cómputo dun novo permiso

b) Traslado de domicilio, traslado de domicilio na mesma localidade

DURACIÓN

1 día

OBSERVACIÓNS

Retribuído

Corresponderase co día no que se produce o traslado

c) Funcións sindicais ou de representación do persoal

DURACIÓN

Nos termos nos que se determine

d) Concorrer a exames finais, probas definitivas de aptitude e probas de selectivas no ámbito do emprego público

DURACIÓN

O tempo necesario para a súa realización e desprazamento

OBSERVACIÓNS

Retribuído

Por exames finais e probas definitivas de aptitude enténdense as probas para a obtención dun título académico ou profesional

e) Licenzas e permisos de estudos, realizar estudos sobre materias relacionadas coa función pública

DURACIÓN

O tempo necesario para a súa realización

OBSERVACIÓNS

Retribuído

O funcionariado terá dereito ao percibo do salario e complemento familiar, previo informe favorable do seu superior, subordinarase a súa concesión ás necesidades do servizo

f) Preparación ao parto, tratamentos de fecundación asistida, adopción, acollemento ou garda con fins de adopción

- Realización de exames prenatais e preparación ao parto polas funcionarias embarazadas
- Nos casos de adopción , acollemento ou garda con fins de adopción

DURACIÓN

Polo tempo necesario para a súa práctica

OBSERVACIÓNS

Retribuído

Precisase xustificar a necesidade de facelo durante a xornada laboral. Nos casos de adopción ou acollemento inclúe a asistencia ás sesións previas de información, preparación e realización dos perceptivos informes psicolóxicos e sociais previos á declaración de idoneidade

g) Lactación para filla ou fillo menor de 12 meses

DURACIÓN

Dereito a 1 hora diaria. Pode dividirse en dúas fraccións de media hora ou acumularse.

Poderase substituír o tempo de lactación por un permiso retribuído que acumule en xornadas completas o tempo correspondente

Incrementarase proporcionalmente nos casos de parto múltiple

OBSERVACIÓNS

Retribuído

Concédese con independencia da situación laboral do cónxuxe

A redución pode aplicarse á elección da persoa ao inicio e/ou ao final da xornada de traballo

Poderase gozar a partir da finalización do permiso por nacemento, adopción, garda, acollemento das persoas proxe-nitoras, diferente á nai biolóxica

h) Nacemento das crianzas prematuras ou que deban permanecer hospitalizadas

DURACIÓN

Dúas horas diarias

OBSERVACIÓNS

Retribuído

Tamén se inclúe o dereito a unha redución de até dúas horas con diminución proporcional das retribucións que pode prolongarse despois da alta hospitalaria mentres a/o filla/o precise coidados

i) Por garda legal cando se exerza o coidado directo dunha persoa menor de 12 anos, persoa maior ou con diversidade funcional

DURACIÓN

Redución da xornada laboral

OBSERVACIÓNS

Non retribuído

Redución proporcional das retribucións

j) Coidado de familiar de 1º grao por enfermidade moi grave

DURACIÓN

Redución de até o 50% da xornada laboral e polo prazo máximo dun mes

Se houbera máis de un titular deste dereito, o tempo de redución poderá ratearse entre as persoas co prazo máximo dun mes

OBSERVACIÓNS

Retribuído

Require dun informe médico que determine que o accidente ou a enfermidade é moi grave e a necesidade de coidados para atender a persoa enferma

k) Deber inescusable de carácter público ou persoal: citacións xudiciais, proceso electoral, xurado...

Deberes relacionados coa conciliación da vida persoal e familiar: acompañamento as revisión ou consultas médicas, titorías , educación especial...

DURACIÓN

Polo tempo indispensable

OBSERVACIÓNS

Retribuído

l) Asuntos particulares

DURACIÓN

Seis días

OBSERVACIÓNS

Retribuído

Sen necesidade de xustificacións. Condicionada ás necesidades de servizo debidamente xustificadas

m) Matrimonio: contraer matrimonio

DURACIÓN

Quince días naturais ininterrompidos

OBSERVACIÓNS

Retribuído

Deberá gozarse en datas que comprendan o día do feito causante ou inmediatamente despois

Pode acumularse ás vacacións anuais

II PERMISOS POR MOTIVOS DE CONCILIACION DA VIDA PERSOAL, FAMILIAR E LABORAL

a) Parto de fillo ou filla

DURACIÓN

16 semanas ininterrompidas, 6 delas inmediatamente posteriores ao parto

- Ampliable en 2 semanas máis no caso de diversidade da filla/o e por cada fillo/a a partir do 2º en parto múltiple
- Até un máximo de 13 semanas no caso de parto prematuro ou hospitalización das crianzas

OBSERVACIÓNS

Retribuído

Poderá gozarse de xeito simultáneo ou sucesivo con outra persoa proxenitora e tamén a tempo total ou parcial subordinado a necesidades de servizo

No caso de falecemento do fillo/a, poderase usar a totalidade ou o que reste do permiso

Pódese participar en cursos de formación convocados pola Administración pública

b) Estado de xestación, funcionarias en estado de xestación

DURACIÓN

A partir do primeiro día da semana 37 de preñez ate a data do parto

Na xestación múltiple desde o primeiro día da semana 35 de preñez até a data do parto

OBSERVACIÓNS

Retribuído

Independente do parto

c) Adopción o acollemento por garda con fines de adopción ou acollemento tanto temporal como permanente

DURACIÓN

16 semanas ininterrompidas, 6 delas inmediatamente posteriores a resolución xudicial ou administrativa.

Ampliacións: 2 semanas no suposto de discapacidade do fillo/a e por cada filla/o a partir do 2º en parto múltiple

OBSERVACIÓNS

Retribuído

Pode gozarse a xornada completa ou a tempo parcial cando as necesidades do servizo o permitan

Até 2 meses se fose preciso desprazamento internacional previo, que poderá iniciarse até catro semanas antes da resolución xudicial o administrativa, so coas retribucións básicas

Pódese participar en cursos de formación convocados pola Administración pública

d) Permiso da persoa proxenitora diferente da nai biolóxica por nacemento, garda con fins de adopción, acollemento o adopción de fillo/a

DURACIÓN

16 semanas, 6 delas inmediatamente posteriores ao feito causante

Ampliacións: 2 semanas máis para cada un das persoas proxenitoras, no suposto de diversidade funcional do fillo/a e por cada filla/o a partir do 2º por nacemento, garda con fins de adopción, acollemento o adopción das crianzas

Até 13 semanas no caso de parto prematuro ou hospitalización das fillas/os

OBSERVACIÓNS

Retribuído

Pódese gozar a xornada completa ou a tempo parcial cando as necesidades do servizo o permitan

No caso de falecemento da filla/o ,pódese usar a totalidade ou o que reste do permiso
Pódese participar en cursos de formación convocados pola Administración pública, transcorridas as seis primeiras semanas ininterrompidas obrigatorias

e) Violencia de xénero sobre a muller funcionaria

DURACIÓN

Polo tempo necesario

Redución da xornada, ou reordenación do tempo de traballo

Adaptación do horario o aplicación de flexibilidade horaria

OBSERVACIÓNS

Retribuído íntegramente se a redución da xornada e dun terzo ou menos

Redución de xornada con diminución á pro rata do salario

As faltas totais ou parciais será xustificadas cun informe dos servizos sociais ou sanitarios

f) Coidado de filla/o menor afectado por cancro ou enfermidade grave

DURACIÓN

Redución da metade da duración da xornada de traballo diaria até que o persoa menor cumpra 18 anos

OBSERVACIÓNS

Retribuído

Concédesse nos casos en que os dúas persoas proxenitoras traballen e mentres dure o ingreso hospitalario de longa duración ou hospitalización a domicilio e requira coidado directo e permanente.

Necesitase acreditarlo por informe do SERGAS ou entidade sanitaria concertada

Se ambas persoas proxenitoras teñen dereito, só unha delas poderá ter dereito ás retribucións íntegras

g) Víctimas de terrorismo, con danos físicos ou psíquicos

DURACIÓN

Redución da xornada ou reordenación do tempo de traballo

Horario flexible

OBSERVACIÓNS

Non retribuída, diminución a pro rata da diminución

Funcionario/a seu cónxuxe ou parella, fillas e fillos.

h) Vacacións

DURACIÓN

22 días hábiles por ano completo de servizos, ou dos días que correspondan proporcionalmente se o tempo de servizos fora menor

Non son días hábiles os sábados, salvo horarios especiais

Cos seguintes días ao completar os anos de antigüidade:

Quince anos de servizo: 23 días hábiles

Vinte anos de servizo: 24 días hábiles

Vinte cinco anos de servizo: 25 días hábiles

Trinta ou mais anos de servizo: 26 días hábiles

Gozaranse dentro do ano natural e ata o 31 de xaneiro

En situación de permiso de maternidade, incapacidade temporal anterior, risco durante a lactación o período vacacional, poderá gozarse mais alá do ano natural que corresponda dentro dos 18 meses a partir do fin de ano no que se orixinen

Polo menos a metade das vacacións debe ser gozada entre o 15 de xuño e o 15 de setembro

OBSERVACIÓNS

Retribuídas

O período de vacacións anuais no pode ser substituído por retribución económica, so nos casos de conclusión da relación de servizos do funcionariado por causas alleas a súa vontade, ten dereito a unha compensación económica por vacacións non desfrutadas, nos casos de xubilación por incapacidade permanente ou falecemento

Cando se pechen as instalacións por inactividade estacional de determinados servizos públicos, as vacacións coincidirán co peche

i) Flexibilidade horaria:

Por coidado de familiar

DURACIÓN

1 hora diaria sobre o horario fixo para persoas con crianzas menores de 12 anos, persoas con diversidade funcional ou familiar con enfermidade

Por coidado de persoa con diversidade funcional

DURACIÓN

2 horas diarias sobre o horario fixo para persoas que teñan a o seu cargo persoas con diversidade funcional ate o 1º grao de consanguinidade ou afinidade

Por conciliación da vida persoal, familiar e laboral e familias monomarentais/parentais

DURACIÓN

Excepcionalmente, modificación do horario fixo ate un máximo de dúas horas por motivos directamente relacionados coa conciliación da vida persoal, familiar e laboral e nos casos de familias monoparentais/marentais

Por coidado de fillas e fillos con diversidade

DURACIÓN

Dereito a ausentarse do traballo, polo tempo indispensable para asistir a reunións de centro educativo, ordinario de integración o educación especial, onde reciba atención, tratamento o para seu acompañamento no ámbito sanitario ou social

Incorporación progresiva ao posto de traballo tras a finalización dun tratamento de radioterapia, quimioterapia ou outros tratamentos de especial gravidade

DURACIÓN

Poderase solicitar adaptación progresiva

Poderá estenderse até un mes desde a alta médica e afectar até un 25% de duración da xornada diaria

Ampliación: un mes máis xustificando a persistencia do estado de saúde derivada dos tratamentos

III PERMISOS NON RETRIBUÍDOS

a) Garda legal

Coidado directo de :

- Persoa menor de 12 anos
- Persoa maior que requira especial dedicación
- Persoa con diversidade que non desempeñe actividade retribuída
- Familiar até o 2º grao de consanguinidade ou afinidade que por razón de idade, accidente ou enfermidade non poda valerse pos si mesmo e que non desempeñe actividade retribuída

DURACIÓN

Redución da xornada laboral

OBSERVACIÓNS

Diminución das retribucións que correspondan

b) Redución da xornada

-Redución da xornada a quen lle falte menos de cinco anos para a idade de xubilación

DURACIÓN

Redución da xornada de traballo até un 50%

OBSERVACIÓNS

Sempre que as necesidades do servizo o permitan

Coa redución das retribucións que se determinen

Redución da xornada a que se atope en proceso de recuperación de enfermidade

DURACIÓN

Redución da xornada de traballo até un 50% de maneira temporal

OBSERVACIÓNS

Sempre que as necesidades do servizo o permitan

Coa redución das retribucións que se determinen

Redución da xornada por interese particular

DURACIÓN

Xornada reducida ininterrompidas de 9:00 a 14:00 de luns a venres en posto de traballo con nivel de complemento de destino igual o inferior ao 28 cando sexa compatible co posto desempeñado

OBSERVACIÓNS

Non se recoñece en réxime de especial dedicación

Recoñecemento de xornada reducida con percibo do 75% das súas retribucións

Incompatible con outras reducións de xornada previstas na normativa

Redución da xornada por violencia de xénero

DURACIÓN

Redución por vítima de violencia de xénero

OBSERVACIÓNS

Diminución proporcional da retribución

c) Licenzas

Licenza por asuntos propios

DURACIÓN

Máximo de 3 meses cada dous anos

OBSERVACIÓNS

Non retribuído

Subordinada ás necesidades do servizo

Licenza por asistencia a cursos

DURACIÓN

Duración máxima de tres meses, para asistencia a outro curso de mellora profesional

OBSERVACIÓNS

Retribucións básicas

Sempre que a xestión do servizo o a organización do traballo o permitan

d) Excedencias

Excedencia voluntaria por interese particular

Cando teñan prestado servizos efectivos de polo menos cinco anos inmediatamente anteriores, segundo as necesidades do servizo

DURACIÓN

Un período mínimo de dous anos

OBSERVACIÓNS

Non retribuída

Nin computable o tempo da excedencia a efecto de ascensos, trienios e dereitos en Seguridade Social

Excedencia voluntaria por agrupación familiar

Cando unha das persoas cónxuxes resida en outra localidade por desempeño de posto de traballo definitivo como funcionario/a de carreira ou laboral fixo en calquera administración pública

DURACIÓN

Non determinada

OBSERVACIÓNS

Non retribuído

Nin computable o tempo da excedencia a efecto de ascensos, trienios e dereitos en Seguridade Social

Excedencia por coidado de familiares

Atender ao coidado de cada fillo ou filla por natureza ou adopción ou familiar a cargo até o 2º grao de consanguinidade ou afinidade

DURACIÓN

Non superior a tres anos

OBSERVACIÓNS

Non retribuída

Computable a efectos de trienios e seguridade social

Reserva do posto de traballo polo menos dous anos

Excedencia por violencia de xénero

DURACIÓN

Autorizada y mantida no tempo o que resulte necesario

OBSERVACIÓNS

Non se esixe tempo mínimo de servizos prestados e sen esixencia de prazo de permanencia na mesma

Durante os 6 primeiros meses con reserva de posto de traballo

Con resolución xudicial, pódese prorrogar por 3 meses

Durante os dous primeiros meses percibirá retribucións integras e as prestacións familiares por filla/o a cargo no seu caso

Excedencia por vítima de terrorismo

DURACIÓN

Autorizada y mantida no tempo o que resulte necesario

TRLEBEP: Real Decreto Legislativo 5/2012 de outubro pola que se aproba o texto refundido de la Lei del Estatuto Básico do Emprego Público

LMRFP: Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública

TALFCE: Texto Articulado da Lei de persoas Funcionarias Cívís del Estado, aprobado mediante Decreto 315/1964, de 7 de febreiro

RESOLUCIÓN SEAP 28/12/2012: Resolución de 28 de decembre de 2012, da Secretaria de Estado de Administracións Públicas, pola que se ditan instrucións sobre xornada e horarios de traballo do persoal ao servizo de la Administración Xeneral do Estado e os organismos públicos

03. Persoal laboral

I PERMISOS RETRIBUIDOS

a) Falecemento, accidente, enfermidade grave, u hospitalización dun familiar

DURACIÓN

- Cónxuxe ou parella de feito, 1º Grao de consanguinidade ou afinidade por matrimonio ou parella de feito acreditada : 3 ou 5 días hábiles se é na mesma ou distinta localidade
- 2º Grao de consanguinidade ou afinidade por matrimonio ou parella de feito acreditada: 2 ou 4 días hábiles se é na mesma ou distinta localidade

Intervención cirúrxica de familiar sen hospitalización que precise repouso domiciliario

Familias até 2º grado consanguinidade o afinidade: : 2 ou 4 días hábiles se é na mesma ou distinta localidade

OBSERVACIÓNS

Retribuído

No caso de falecemento de cónxuxe ou traballador/ra poderá solicitar un permiso non retribuído non superior a un mes xunto con outras licencias sen salario

b) Preparación ao parto, tratamentos de fecundación asistida, adopción, acollemento ou garda con fins de adopción

- Realización de exames prenatais e preparación ao parto polas funcionarias embarazadas
- Nos casos de adopción ,acollemento ou garda con fins de adopción ou técnica de fecundación asistida

DURACIÓN

Polo tempo necesario para a súa práctica ou realización

OBSERVACIÓNS

Retribuído

Precisase xustificar a necesidade de facelo durante a xornada laboral. Nos casos de adopción ou acollemento inclúe a asistencia ás sesións previas de información, preparación e realización dos perceptivos informes psicolóxicos e sociais previos á declaración de idoneidade

c) Licenza por maternidade e/ou risco durante o embarazo, con reserva do posto de traballo

DURACIÓN

16 semanas ininterrompidas, 6 inmediatamente posteriores ao parto, ampliable en 2 semanas mais por fillo /a no caso de parto múltiple

Pode gozar o pai para o coidado do fillo/a, as que resten no caso de falecemento da nai

No caso de que a nai e o pai traballen poden optar polo gozo do pai dunha parte determinada e ininterrompida de forma simultánea ou sucesiva, salvo que no momento da incorporación ao traballo da nai supoña un risco para a súa saúde

No caso de fillas/os prematuros ou hospitalizados despois do parto, o permiso de maternidade pode computarse no caso de que a nai falte, ao pai.

Supostos de risco durante o embarazo, a suspensión do contrato finalizará o día no que se inicie a suspensión do contrato por maternidades biolóxica ou desapareza a imposibilidade de traballadora de incorporarse ao seu posto anterior

OBSERVACIÓNS

Retribuído

Dereito de suspensión do contrato con reserva do posto de traballo e cómputo do período de antigüidade

Poderase gozar en réxime de xornada completa ou a tempo parcial previo acordo coa Administración

d) Traballadora en estado de xestación

DURACIÓN

A partir do primeiro día da semana 37 do embarazo, até a data do parto

En xestación múltiple desde o primeiro día da semana 35 de embarazo até a data do parto

OBSERVACIÓNS

Retribuído independente do permiso polo parto

e) Adopción o acollemento, tanto preadoptivo como permanente ou simple de menores de 6 anos

DURACIÓN

16 semanas ininterrompidas

Ampliacións: 2 semanas máis por filla/o e por cada fillo/a a partir do 2º en caso de adopción ou acollemento múltiple

En adopción internacional, con desprazamento ao país de orixe poderá iniciarse ata catro semanas antes da resolución para a que se constitúe a adopción

No caso de adopción ou acollemento de maiores de 6 anos, provenientes do estranxeiro, con diversidade funcional ou especial dificultade de inserción social e familiar debidamente acreditado polos servizos sociais

OBSERVACIÓNS

Retribuído

Dereito de suspensión do contrato con reserva do posto de traballo e computo aos efectos de antigüidade

Cómputo a partir da resolución xudicial ou administrativa pola que se constituía a adopción

Poderase gozar a tempo completo ou parcial previo acordo coa Administración

Desprazamento ao país de orixe do persoa adoptada: Até 2 meses se fose preciso desprazamento internacional previo, que poderá iniciarse ate catro semanas antes da resolución xudicial o administrativa, so coas retribucións básicas durante o tempo de dous meses

Tras o desprazamento, terá dereito ao permiso por adopción ou acollemento

f) Lactación para fillo ou filla menor de 12 meses

DURACIÓN

Dereito a 1 hora diaria. Pode dividirse en dúas fracciónes de media hora ou acumularse

Poderase substituír o tempo de lactación por un permiso retribuído que acumule en xornadas completas o tempo correspondente

Incrementarase proporcionalmente nos casos de parto múltiple

No caso de adopción ou acollemento, terán os mesmos dereitos si o menor ten menos de 12 meses

OBSERVACIÓNS

Retribuído

Poderá ser exercido indistintamente polo pai no caso de non ser utilizado pola nai

g) Nacemento de fillos ou fillas prematuros ou que deban permanecer hospitalizados/das

DURACIÓN

Dereito a ausentarse do traballo un máximo de 2 horas diarias: retribucións integras

Dereito a reducir a xornada un máximo de 2 horas: diminución proporcional da retribución

OBSERVACIÓNS

Retribuído

h) Coidado de filla/o menor afectada por cancro ou enfermidade grave

DURACIÓN

Redución da duración da xornada de traballo diaria polo menos un octavo cun máximo da metade da duración ata que o menor cumpra 18 anos

OBSERVACIÓNS

Retribuído, diminución proporcional do salario que se completara cunha prestación integrada dentro da acción protectora da Seguridade social

Constitúe un dereito individual: homes e mulleres

i) Violencia de xénero sobre a muller funcionaria

DURACIÓN

Faltas de asistencia totais ou parciais

Redución da xornada, ou reordenación do tempo de traballo

Adaptación do horario o aplicación de flexibilidade horaria

Flexibilidade horaria ou excedencia por violencia de xénero

OBSERVACIÓNS

Retribuído

As faltas totais ou parciais será xustificadas cun informe dos servizos sociais ou sanitarios

j) Paternidade

Nacemento, acollemento ou adopción dunha filla/o

DURACIÓN

10 días por nacemento, acollemento ou adopción a partir da data de nacemento ou decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou resolución xudicial

OBSERVACIÓNS

Retribuído

Dereito a supresión do contrato por paternidade durante catro semana ininterrompidas, ampliable nos casos de parto, adopción, garda con fines de adopción, ou acollemento múltiples en dous días máis por cada fillo/a a partir do segundo

k) Matrimonio: contraer matrimonio

DURACIÓN

Quince días naturais desde o feito causante(formalización do matrimonio)

OBSERVACIÓNS

Retribuído

l) Deber inescusable e conciliación

- Cumprimento dun deber inescusable de carácter público ou persoal: citacións xudiciais, proceso electoral, xurado...

Deberes relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral: acompañamento as revisión ou consultas médicas, titorías , educación especial...

DURACIÓN

Polo tempo indispensable

1/5 das horas laborais do computo trimestral nos casos de deber de carácter persoal

OBSERVACIÓNS

Retribuído

Descontarase do salario se percibe retribución o indemnización polo cumprimento do deber.

m) Traslado do domicilio habitual

DURACIÓN

1 día: mesma localidade

2 días: distinta localidade

OBSERVACIÓN

Retribuído

n) Concorrer a exames finais, probas definitivas de aptitude e probas de selectivas no ámbito do emprego público

DURACIÓN

O tempo necesario para a súa realización e desprazamento no seu caso

OBSERVACIÓNS

Retribuído

Pola obtención dun título académico ou profesional recoñecido

o) Licenzas e permisos: Formación

DURACIÓN

- Tempo destinado a realización de cursos de formación dirixidos a capacitacións profesional ou a adaptación das esixencias do posto de traballo
- Supeditado as necesidades do servizo
- 40 horas ao ano máximo para a asistencia a cursos de perfeccionamento profesional distintos aos anteriores relacionados con o posto de traballo ou a carreira profesional administrativa

OBSERVACIÓNS

Retribuído

Retribucións básicas

Informe favorable do seu superior xerárquico

p) Funcións sindicais ou de representación do persoal

DURACIÓN

Nos termos que determine a normativa de aplicación

OBSERVACIÓNS

Retribuídas o crédito horario que se determine

q) Asuntos particulares

DURACIÓN

Seis días

Cando coincidan en 24 y 31 decembro, : 2 días máis adicionais de permiso

2 días máis ao cumprir o sexto trienio, incrementándose un día adicional por cada trienio cumprido a partir do octavo

OBSERVACIÓNS

Retribuído

Non se poden acumular as vacacións anuais

Distribuídos a conveniencia previa autorización do superior

A gozar ata 31 de xaneiro do ano seguinte

Acumulables a vacacións desfrutadas de maneira independente

r) Flexibilidade horaria

DURACIÓN

Xornada de 37,5 horas de promedio no computo anual

- Xornada de mañá presenza fixa: 9:00 a 14:30 horas
- Presencial flexible de 7:30 a 9:00 horas de luns a venres entre 14:30 y 18:00 de luns a xoves, e entre 14:30 y 15:30 horas os xoves
- Xornada de mañá e tarde, presenza fixa: de 9:00 a 17:00 horas de luns a xoves, con parada para o almorzo que non computa como traballo efectivo que será un mínimo de media hora y de 9:00 a 14:30 os venres
- Presencia flexible: 7:30 a 9:00 horas y de 17:00 a 18:00 horas de luns a xoves y de 17:30 a 9:00 y de 14:00 a 15:30 os venres

Os calendarios laborais poderán establecer outros horario máximos e mínimos.

Poderase gozar dunha pausa de 30 minutos que computa como traballo efectivo

- Xornada especial de verán (16 xuño a 15 setembro)
- Xornada intensiva de 6,5 horas continuas de traballo, entre as 8:00 e as 15:00 de luns a venres

Desde o 1 de xuño ao 30 de setembro para a persoa con fillo, descendentes ou persoas suxeitas a tutela, o acollemento ata os 12 anos

OBSERVACIÓN

Retribuído

A redución de xornada de verán recuperarase na forma que se determine.

Por coidado de familiar

DURACIÓN

1 hora diaria sobre o horario fixo para persoas con fillo menor de 12 anos, a cargo persoas maiores, con discapacidade ou familiar con enfermidade grave no segundo grao de consanguinidade ou afinidade

Por coidado de persoa con diversidade funcional

DURACIÓN

2 horas diarias sobre o horario fixo para persoas que teñan ao seu cargo persoas con diversidade até o 1º grao de consanguinidade ou afinidade

- Por conciliación da vida persoal, familiar e laboral e familias monoparentais/marentais

DURACIÓN

Excepcionalmente, modificación do horario fixo ata un máximo de dúas horas por motivos directamente relacionados coa conciliación da vida persoal, familiar e laboral e nos casos de familias monomarentais/parentais

Por coidado de fillas e fillos con diversidade funcional

DURACIÓN

Dereito a ausentarse do traballo, polo tempo indispensable para asistir ás reunións de centro educativo, ordinario de integración o educación especial, onde reciba atención, tratamento o para seu acompañamento no ámbito sanitario ou social

Incorporación progresiva ao posto de traballo tras a finalización dun tratamento de radioterapia ou quimioterapia ou outros tratamentos de especial gravidade

DURACIÓN

Poderase solicitar adaptación progresiva da xornada de traballo ordinaria

Poderá estenderse ata un mes desde a alta médica e afectar ata un 25% de duración da xornada diaria

Ampliación: un mes máis xustificando a persistencia do estado de saúde derivada dos tratamentos de radioterapia ou quimioterapia

OBSERVACIÓNS

Retribuído

O tempo de ausencia será recuperado dentro das franxas de horario flexible

A solicitude acompañará a documentación que acredite a correspondente situación

II PERMISOS DAS PERSOAS DO PERSOAL LABORAL NON RETRIBUIDOS

a) Por garda legal cando se exerza o coidado directo dun menor de 12 anos, persoa con diversidade funcional física, psíquica ou sensorial que non realice traballo remunerado

Familiar até 2º grao de consanguinidade ou afinidade que non poida valerse por si mesma e que no realice traballo remunerado

DURACIÓN

Redución da xornada laboral

OBSERVACIÓNS

Non retribuído

Redución proporcional das retribucións entre 1/8 un máximo de 1/2 de duración da xornada

b) Redución da xornada

Por interese particular

DURACIÓN

Xornada reducida ininterrompidas de 5 horas diarias percibindo o 75% das retribucións cando sexa compatible co posto desempeñado

OBSERVACIÓNS

Non retribuído

Recoñecemento de xornada reducida co percibo do 75% das súas retribucións

Incompatible con outras reducións de xornada: garda legal o coidado de menor con cancro ou outra enfermidade

Redución da xornada por violencia de xénero

DURACIÓN

Redución da xornada por vítima de violencia de xénero

OBSERVACIÓNS

Diminución proporcional da retribución

c) Licenzas

Licenza por asuntos propios

DURACIÓN

Máximo de 3 meses cada dous anos

OBSERVACIÓNS

No retribuído

Petición con un mes de antelación

Para realizar una misión en países en vías de desenvolvemento

DURACIÓN

Máximo un ano cada cinco anos

Máximo de gozo continuo de 3 meses

OBSERVACIÓNS

Non retribuído

Supeditado as necesidades do servizo

d) Excedencias

Excedencia voluntaria por interese particular

Traballadores/as fixos/as con 1 ano de antigüidade

DURACIÓN

No inferior a 4 meses

Poderá volver a exercerse transcorridos tres anos

OBSERVACIÓNS

Non retribuída

Supeditada as necesidades do servizo

Excedencia voluntaria por agrupación familiar

Cando o cónxuxe resida en outra localidade por desempeño de posto de traballo definitivo como funcionario/a de carreira ou laboral fixo en calquera administración pública

DURACIÓN

Mínima de dous anos e máxima de quince

OBSERVACIÓNS

Non retribuído

Excedencia por coidado de fillo/filla

Atender ao coidado de cada filla ou fillo por natureza, adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo desde o nacemento ou resolución xudicial ou administrativa

DURACIÓN

Non superior a tres anos

Máximo de 5 anos para filla/fillo con diversidade funcional

OBSERVACIÓNS

Non retribuída

Excedencia por coidado de cónxuxe ou familiar

Atender ao cónxuxe, persoa coa que se conviva maritalmente, e ascendentes ou descendentes ata o 2º grao de consanguinidade ou afinidade con discapacidade acreditada e que non realicen traballo remunerado

DURACIÓN

Máximo de 3 anos

OBSERVACIÓNS

Non retribuído

Excedencia por vítima de xénero

DURACIÓN

Sen prazo de permanencia

OBSERVACIÓNS

Non retribuído

Sen esixencia de servizos mínimos prestados

Excedencia voluntaria por aplicación da normativa de incompatibilidade

DURACIÓN

Indeterminado

OBSERVACIÓNS

Aínda que non houbera cumprido un ano de antigüidade no servizo

Polo acceso a un grupo superior ou inferior

Polo desempeño de posto de traballo no sector público con carácter temporal

Non accede o persoal laboral temporal

ET: Real Decreto Legislativo 2/2015, 23 outubro polo que se aproba texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores

TRLET: Real Decreto Lei 2/2015, 23 de outubro polo l que se aproba el Texto Refundido do Estatuto de los Trabadores

CUAGE: III Convenio único do Persoal de la Administración Xeneral del Estado

RESOLUCIÓN SEAP 28/12/2012: Resolución de 28 de decembro de 2012, da Secretaria de Estado de Administracións Públicas, pola que se ditan instrucións sobre xornada e horarios de traballo do persoal ó servizo de la Administración Xeneral do Estado e dos seus organismos públicos



04. Guía de recursos, apoio e asistencia á maternidade

PRESTACIÓNS, AXUDAS E BENEFICIOS FISCAIS


a) **Ámbito estatal**

- Prestación económica por parto u adopción múltiple
- Prestación económica por nacemento ou adopción de fillas ou fillos, en supostos de familias numerosas, mono-parentais/marentais e nos casos das persoas anciáns con discapacidade
- Prestación económica familiar por filla, fillo ou por acollemento dunha ou dun menor a cargo
- Prestación económica familiar por fillas e fillos ou menores ao cargo con discapacidade
- Prestación económica por coidado de menores afectadas/os por cancro ou outra enfermidade grave
- Axuda por non aboamento de pensión de alimentos en situación de separación ou divorcio
- Dedución por maternidade
- Deducións familiares por descendentes no IRPF

a) **Ámbito autonómico**

- Prestación económica por fillas e fillos menores de 3 anos
- Axuda á conciliación da vida familiar para traballadores con redución de xornada laboral
- Cheque infantil
- Axuda económica da liña Concilia do programa Emega
- Axudas ás familias numerosas
- Carné familiar galego
- Axuda económica de pagamento único destinadas a mulleres vítimas de violencia de xénero
- Indemnización de pagamento único destinadas a mulleres vítimas de violencia de xénero
- Axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero
- Dedución por nacemento ou adopción de fillas ou fillos

- Deducción por acogimiento
- Deducción por familia numerosa





GUÍA

DE CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, FAMILIAR E
LABORAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR

2021› 2025

